



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Física: Análise de circuitos lineais

Materia	Física: Análise de circuitos lineais			
Código	V05G303V01201			
Titulación	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación - Docencia en Inglés			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Teoría do sinal e comunicacóns			
Coordinador/a	García Mateo, Carmen			
Profesorado	Cardenal López, Antonio José García Mateo, Carmen García-Tuñón Blanca, Inés Gómez Araújo, Marta Prol Rodríguez, Miguel			
Correo-e	carmen.garcia@uvigo.es			
Web	<a href="http://www.faitic.uvigo.es">http://www.faitic.uvigo.es</a>			
Descripción xeral	A materia refírese a sistemas electromagnéticos que poden ser representados mediante elementos discretos (fontes, resistencias, capacidades, inductancias). O seu obxectivo é presentar algunas formas de analizar (obter correntes e tensións) os devanditos sistemas (redes ou circuitos): análise convencional (análise integro-diferencial, fasores e impedancias en réxime sinusoidal) e análise baseada na teoría de sistemas lineais (utilización das transformadas de Laplace e de Fourier).			

## Competencias

### Código

B3	CG3 Coñecemento de materias básicas e tecnoloxías que capaciten o alumnado para a aprendizaxe de novos métodos e tecnoloxías, así como para dotalo dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións.
B4	CG4 Capacidade para resolver problemas con iniciativa, para a toma de decisións, a creatividade, e para comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas, comprendendo a responsabilidade ética e profesional da actividade do Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación.
C4	CE4/FB4 Comprensión e dominio dos conceptos básicos de sistemas lineais e as funcións e transformadas relacionadas, teoría de circuitos eléctricos, circuitos electrónicos, principio físico dos semiconductores e familias lóxicas, dispositivos electrónicos e fotónicos, tecnoloxía de materiais e a súa aplicación para a resolución de problemas propios da enxeñaría.
D2	CT2 Concibir a Enxeñaría no marco do desenvolvemento sostible.
D3	CT3 Tomar conciencia da necesidade dunha formación e mellora continua de calidade, amosando unha actitude flexible, aberta e ética ante opinión discriminación por sexo, raza ou relixión, respecto os dereitos fundamentais, acesibilidade, etc.

## Resultados de aprendizaxe

### Resultados previstos na materia

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

Coñecer os elementos e leis que interveñen na análise dos circuitos lineais de parámetros concentrados.

B1	C4
B5	C7
B6	C12
B14	

Demostrar a destreza necesaria para analizar este tipo de circuitos en diferentes circunstancias:	A1	B1	C2	D1
- Saber optar entre distintas alternativas ao expor a solución dun problema.	A2	B2	C3	D2
- Coñecer técnicas de simplificación, as súas limitacións, e saber decidir cales usar en cada situación.	A3	B3	C4	D2
	A4	B4	C8	D3
	A5		C13	D4
			C22	D8
			C24	D9
				D11
				D12
				D14
				D16
				D18
				D19
Trasladar o dominio temporal aos dominios transformados, manexando os conceptos básicos de transformadas.	A2	B1	C4	D2
		B2	C4	D8
			C5	D9
			C6	D12
			C13	
			C23	
Poder xustificar cualitativamente o papel que xogan os elementos que componen un circuito e as interaccións entre eles.	B3	C4	D3	
		C6		
		C12		
		C14		
		C15		
Manexar con solvencia a linguaxe e simbolismo propio da disciplina.	B3	C4	D3	
		C6		
		C12		
		C14		
		C15		

## Contidos

### Tema

#### Presentación e Introducción.

I: Réxime Permanente Continuo (RPC)	Magnitudes fundamentais e derivadas. Elementos (activos e pasivos) e relacóns funcionais. Leis de Kirchhoff. Análise polo método das tensións nas mallas. Análise polo método das correntes nos nós. Simplificacións; circuitos equivalentes de Thévenin e Norton.
II: Réxime Sinusoidal Permanente (RSP)	Definición e parámetros. Conceptos de fasor e impedancia. Análise por mallas e nós de circuitos en réxime sinusoidal permanente. Circuitos divisores. Autoinducción e indución mutua. Transformadores lineais e ideais. Expresións da potencia. Circuitos equivalentes de Thévenin e Norton.
III: Cuadripolos	Definición de cuadripolo. Parámetros característicos. Agrupación de cuadripolos. Inserción dun cuadripolo nun circuito.
IV: Réxime Transitorio (RT)	Orixе do réxime transitorio. Condicións de estudo. Inductancias e capacidades en réxime continuo Circuitos cun só elemento reactivo.
V: Sinais e sistemas	Tipos de sinais. Tipos de sistemas. Sistemas lineais e invariantes no tempo. Resposta ó impulso. Integral de convolución. Principio de superposición.
VI: Transformada de Laplace (TL)	Definición. Transformadas directas. Obtención de transformadas inversas. Aplicación a circuitos lineais. A función de transferencia. Resposta dun circuito en réxime permanente. Resposta ante unha excitación sinusoidal.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	24	48	72
Aprendizaxe baseado en problemas	19.5	19.5	39
Prácticas de laboratorio	3	3	6
Resolución de problemas	4.5	13.5	18
Práctica de laboratorio	1	3	4
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	8	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descripción
Actividades introductorias	Presentación da materia: profesorado, programa, bibliografía, metodoloxía docente e sistema de avaliación e cualificación. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CT2 e CT3.
Lección maxistral	Os obxectivos desta metodoloxía son a exposición dos contidos teóricos, e a comprobación periódica do grao de asimilación dos mesmos por parte do alumnado. Ao longo destas sesións suscitaranse exercicios e/ou problemas enfocados ao ámbito específico de estudo, que serán resoltos polo profesor ou ben polos alumnos co apoio do profesor, ben de xeito individual ou grupal. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG3, CG4, CE4, CT2 e CT3.
Aprendizaxe baseado en problemas	Estas sesións dedicaranse á resolución tutelada, de maneira individual e/ou grupal, de problemas vinculados aos contidos teóricos da materia.  As solucións obtidas poderán ser contrastadas e/ou analizadas facendo uso de ferramentas informáticas.  En 3 das 11 sesións o alumnado, ao final da mesmas, terá que resolver de forma individual unha tarefa available.  Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG3, CG4 E CE4.
Prácticas de laboratorio	Realizaranse 2 sesións prácticas no laboratorio de hardware nas que se abordarán exercicios de montaxe e medida de circuitos básicos. Das 4h correspondentes, 1h destinárase á avaliación destas sesións. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG3, CG4 e CE4.

**Atención personalizada**

Metodoloxías	Descripción
Lección maxistral	No horario de tutoría, o profesorado atenderá as necesidades e as consultas do alumnado relacionadas co estudio da materia.
Prácticas de laboratorio	O profesorado marcará o ritmo da sesión e resolverá as dúbihdas que xurdan durante a realización da práctica. Tamén no horario de tutoría, o profesorado atenderá as necesidades e as consultas do alumnado relacionadas coas prácticas de laboratorio.

**Avaliación**

Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Resolución de problemas	Realizaranse 3 probas en horario de Grupo A: ECA1, ECA2 e ECA3. A puntuación de cada unha destas tres probas será de: 1.5, 3 e 3 puntos, respectivamente. Para superar a materia por avaliación continua é obligatoria a asistencia ás tres probas e obter polo menos 0.75 puntos na proba ECA3.	90 B4	B3 C4
	En 3 das 11 sesións de Grupo B exporase ao final das mesmas a resolución dunha tarefa available ( ECB1, ECB2, ECB3) cunha puntuación máxima de ata 0.5 puntos cada unha delas, o que supón un total de 1.5 puntos.		
	Os horarios das probas aprobaranse na CAG e estarán dispoñibles a principio de cuadrimestre.		
Práctica de laboratorio	Esta proba ( ECHW) realizase en horario de Grupo B en laboratorio de hardware. O día concreto aprobarase na CAG e estará dispoñible a principio de cuadrimestre.Trátase dunha proba relativa a exercicios de montaxe e medida de circuitos, e terá unha puntuación máxima de 1 punto. Para estes exercicios valoraranse a capacidade de traballo en grupo, o axuste ás especificacións de deseño e a presentación de resultados. Para superar a materia por avaliación continua é obligatoria a asistencia ás dúas sesións de prácticas de laboratorio (hardware) e á súa correspondente avaliación.	10 B4	B3 C4
Exame de preguntas de desenvolvemento	Adicionalmente ao sistema de avaliación continua, constituído polos tres conjuntos de probas (ECA, ECB e ECHW) que se acaban de describir, o alumnado poderá optar pola realización dun exame final. Este exame abarcará a totalidade dos contidos da asignatura, tanto teóricos como prácticos, e poderá incluir probas tipo test, preguntas de razonamento, resolución de problemas e/ou exercicios, así como o desenvolvemento de casos prácticos. A puntuación máxima deste exame é de 10 puntos.	0 B4	B3 C4

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado, conforme ao calendario escolar, terá dúas oportunidades no curso académico para superar a materia:

**1. Primeira oportunidade ao finalizar o cuadrimestre.** O alumnado pode optar libremente polo sistema de avaliación continua descrito na sección anterior, sen que iso exclúa a posibilidade de realizar un exame final. Casos posibles:

- Alumnado que só realiza a avaliación continua (suma das cualificacións das probas ECA1, ECA2, ECA3, ECB1, ECB2, ECB3 e ECHW): é cualificado coa puntuación que obtivo na mesma,
- Alumnado que só realiza o exame final: é cualificado coa puntuación que obtivo no mesmo.
- Alumnado que realiza a avaliación continua e o exame: é cualificado coa mellor de ambas as puntuacións.

**2. Segunda oportunidade (ou convocatoria extraordinaria).** O alumnado que non superou a materia ao final do cuadrimestre pode realizar unha proba única que abarcará a totalidade dos contidos da materia, tanto teóricos como prácticos, e que poderá incluír probas tipo test, preguntas de razonamento, resolución de problemas e/ou exercicios, así como o desenvolvemento de casos prácticos. A puntuación alcanzada no mesmo (entre 0 e 10) será a cualificación final, substituindo á agregación das notas das probas de avaliación continua e á do exame final de avaliación continua. Iste mesmo tipo de proba empregarase para a avaliación extraordinaria de fin de carreira.

### Comentarios adicionais:

- A cualificación en todas as probas de avaliación é individual.
- O alumnado debe asistir ás prácticas de laboratorio no grupo que lle foi asignado ao principio de cuatrimestre.
- Levarase a cabo un control de asistencia ás sesións prácticas.
- A realización da ECA2 ou sucesivas probas puntuables e/ou algún dos exames finais significará que o alumno terá unha calificación distinta da de "Non presentado".
- A nota obtida en avaliación continua será válida tan só para o curso académico no que se realice.
- Considérase que a materia está aprobada si a nota final é igual ou superior a 5.

**Recuperación.** As probas e os exames non son recuperables. É dicir, se o alumno non pode realizarlos nas datas previstas, o profesor non ten obrigación de habilitar outras datas para a súa realización.

**Resultados das probas.** Antes da realización ou entrega de cada proba indicarase a data e procedemento de revisión das

cualificacións obtidas, que serán públicas nun prazo razonable de tempo (xeralmente en menos de tres semanas desde a realización da proba).

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

James W. Nilsson, **Electric Circuits**, 10,

Material docente, **Página web**, faitic.uvigo.es,

#### **Bibliografía Complementaria**

J.H. McClellan, R.W. Schafer, M.A. Yoder, **Signal Processing First**,

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Física: Fundamentos de electrónica/V05G300V01305

Procesado dixital de sinais/V05G300V01304

Técnicas de transmisión e recepción de sinais/V05G300V01404

Circuítos de microondas/V05G300V01611

Circuítos de radiofrecuencia/V05G300V01511

Electrónica analólica/V05G300V01624

Enxeñaría de equipos electrónicos/V05G300V01523

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Matemáticas: Cálculo II/V05G300V01203

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Matemáticas: Álgebra lineal/V05G300V01104

Matemáticas: Cálculo I/V05G300V01105

#### **Outros comentarios**

Recoméndase que o alumnado teña soltura en manexo de números complexos e funcións trigonométricas, utilización de técnicas de resolución de sistemas de ecuacións lineais, cálculo de derivadas de funcións elementais, e cálculo de integrais sinxelas.

---